



47b 8 5 7 1

Golmar, Roade, Sobrado dos Monxes. Xaneiro 1980.

$\text{♩} = 76$

1) An-que ve-ño por a- quí non ve-ño por fa- cer mal  
ve-ño por me-a-de-ver- ti-re coa xen-te do meu i- gual

2) coa xen-te do teu i- gual me-ni-ña ti ben di-xe-ches

3) Se non sa'- be-lo ca- mi-ño vol-ve por don-de vi- ñe-ches

variantes estróficas:

1) 3) 8) 9) 10)

2) 6) r. 9) 8)

3) 3) 5) 6) 10)

4) 4) - 10)

5) 8) 10)

6) 4) - 10)

7) 8) - 10)

8) 9) 9) r.

Sobrado II, 1, 375. Aurora 35.

L: 2a<sup>2</sup>.

\*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



V 2a<sup>2</sup>

“Anque veño por aquí  
non veño por facer mal,  
veño por me advertir-e  
coa xente do meu igual”.

“Coa xente do teu igual,  
meniña, ti ben dixeches,  
se non sábelo camiño,  
volve por donde viñeches”.

“O camiño ben o sei,  
ben o vexo desde aquí,  
pero estimaba levar-e  
esta rosa a par de mi”.

“Esta rosa non é túa,  
se non é ben puido ser  
i o ghalán que tanto sabe,  
debía de saber ler”.

“Nin sei ler nin escribir-e  
e ó millor beilar de roda,  
o día da túa voda  
hei de poñer monteira nova”.

“Monteira nova, ghalán,  
non che é grande maravilla  
monteira nova, ghalán,  
non che é grande maravilla,  
en que empleache, ghalán,  
i-o diñeiro de Castilla”.

“I-o diñeiro de Castilla  
meniña, ti tes razón,  
que i-o ghashámoslos dous-e  
na taberna de Ribón.

“Se o ghashache, non o ghasharas,  
Que eu non cho mandei ghashar,  
ghalán, de las setes damas,  
cal delas has de levar?”.

“Se eu son o das sete damas  
ti es la que de menos precio”.  
“Se eu son a de menos precio  
ghalán, a ti que che importa.  
Sa outros mejores que a ti-e  
ténochos á miña porta”.

“Dos que tes á tua porta  
ben te podes i-alabar,  
pequeniños e mal feitos  
cheos de sarna pra rascar”.